

Manual de KMix

Gaurav Chaturvedi

Desenvolvedor: Christian Esken

Desenvolvedor: Helio Chissini de Castro

Desenvolvedor: Brian Hanson

Tradución ao galego: Adrián Chaves Fernández



Manual de KMix

Índice xeral

1. Introducción	5
2. Xanela principal	6
2.1. Menú «Ficheiro»	7
2.2. Configuración	7
2.2.1. Escoller a canle mestra	8
2.2.2. Configurar KMix	8
3. Uso avanzado	10
3.1. Control remoto e uso de scripts mediante D-Bus	10
4. Autores e licenza	11
A. Instalación	12
A.1. Conseguir KMix	12
A.2. Compilación e instalación	12

Resumo


KMix é un programa que permite cambiar o volume da tarxeta de son.

Capítulo 1

Introducción

KMix é compatible con diversas plataformas e controladores de son.


Se ten instalador controladores tanto de ALSA como de Open Sound System (OSS), KMix usará os de ALSA.




Capítulo 2

Xanela principal

Introducción á xanela principal de KMix




2.1. Menú «Ficheiro»



Ficheiro → Agochar a xanela do mesturador (Esc)
Agochar a xanela do mesturador


2.2. Configuración



Configuración → Configuración de son

Abra o [módulo Phonon de Configuración do Sistema](#) para configurar as preferencias en canto aos dispositivos de son e vídeo e as infraestruturas empregadas pola API de son e vídeo de KDE, Phonon.

2.2.1. Escoller a canle mestra



Escolla a canle mestra de KMix.

2.2.2. Configurar KMix

Configurar KMix

Configure varios parámetros de KMix.

Comportamento → Anclar na área de notificación.

Marque esta opción para anclar KMix na área de notificación.

Comportamento → Activar o control do volume na área de notificación.

Marque esta opción para activar o control do volume desde a área de notificación.

Comportamento → Reacción do control do volume.

Marque esta opción para activar as reaccións sonoras ao cambiar o volume.

Inicio → Restaurar os volumes ao acceder ao sistema.

Marque esta opción para activar a restauración do volume ao acceder ao sistema.

Inicio → Inicio automático.

Marque esta opción para que KMix se inicie automaticamente xunta o espazo de traballo.

Visual → Mostrar marcas de nivel.

Marque esta opción para mostrar marcas de nivel nos controis.

Visual → Mostrar etiquetas.

Marque esta opción para mostrar etiquetas nos controis.

Visual → Mostrar a visualización na pantalla (OSD).

Marque esta opción para mostrar unha pantalla OSD sobre o trebello de KMix na área de notificación.

Orientación do control desprazábel: → Horizontal

Seleccione este valor para usar unha orientación horizontal para o control desprazábel.

Orientación do control desprazábel: → Vertical

Seleccione este valor para usar unha orientación vertical para o control desprazábel.

Capítulo 3

Uso avanzado

3.1. Control remoto e uso de scripts mediante D-Bus

Pode controlar KMix mediante D-Bus. Isto permite a usuarios avanzados realizar tarefas especiais como silenciar o computador todos os días ás dez da tarde, ou calquera outra tarefa a efectuar mediante scripts.

Para listar todos os métodos e propiedades de D-Bus relacionados con KMix:

```
qdbus org.kde.kmix
```

Para obter o volume (0-100%):

```
qdbus org.kde.kmix /Mixers/0/Master_0 org.freedesktop.DBus.Properties.Get ←  
org.kde.KMix.Control volume
```

Para cambiar o volume (0-100%):

```
qdbus org.kde.kmix /Mixers/0/Master_0 org.freedesktop.DBus.Properties.Set ←  
org.kde.KMix.Control volume 70
```

Capítulo 4

Autores e licenza

KMix

Documentación © 2010, Gaurav Chaturvedi gaurav.p.chaturvedi@gmail.com

Agradecementos a:

Matt Johnston mattj@flashmail.com (copiou e pegou unha morea de cousas da súa antiga documentación de KMix).

Adrián Chaves Fernández adriyetichaves@gmail.com

Esta documentación está licenciada sob os termos da [GNU Free Documentation License](#).

Este programa está licenciado sob os termos da [Licenza Pública Xeral de GNU](#).

Apéndice A

Instalación

A.1. Conseguir KMix

KMix forma parte do proxecto KDE <http://www.kde.org/> .

Pode encontrar KMix no paquete `kdemultimedia` en <ftp://ftp.kde.org/pub/kde/> , o servidor principal do proxecto KDE.

A.2. Compilación e instalación

Para poder compilar e instalar o KMix no sistema, escriba os seguintes comandos no directorio raíz da distribución de KMix:

```
% ./configure
% make
% make install
```

Dado que KMix emprega **autoconf** e **automake** non debera ter ningún problema a compílalo. Se o tiver, comuníqueo nas listas de KDE.